


## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE TUI – VIGO

En Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

### REUNIDAS




Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante o Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Diocese de Tui-Vigo**, provista de código de identificación fiscal R-3600056J, representada neste acto por D. Luís Quinteiro Fiuza, DNI 33184670-V, bispo de Tui-Vigo.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para asinar o presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

### EXPOÑEN



**PRIMEIRO.-** As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**SEGUNDO.-** De acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

**TERCEIRO.-** A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias a de procurar que a colectividade de emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia

manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para isto, entre outras actuacións, vén prestando apoio a todas aquelas persoas que buscan familiares ou documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediación entre elas e as fontes onde se gardan os arquivos xenealóxicos.

**CUARTO.-** O longo traxecto percorrido pola diáspora do pobo galego, comezada ao inicio do século XIX, na procura, as máis das veces, de mellores condicións de vida, deu orixe a que viva fóra de Galicia un maior número de galegos e galegas ou descendentes que na propia terra. O transcourir do tempo e o propio paso das xeracións de descendentes, así como as vicisitudes históricas que aconteceron nestes séculos tanto en España e Galicia como nos estados nos que se asentaron, teñen forzado, as veces, a perda do contacto e da vinculación coa Galicia territorial e as súas familias de orixe dun grande número destas persoas, malia que o espírito de pertenza e profundo cariño á terra e a súa cultura teña permanecido como unha herdanza irrenunciable que se transmitiu entre xeracións, moi especialmente nos países da rexión denominada Hispanoamérica.

Todo o antedito dá orixe a un permanente e grande número de persoas que manifestan o seu desexo de recuperar esa vinculación real, ben na procura de familiares ou lugares de orixe, ben na procura da propia nacionalidade española. Esta última circunstancia viuse enormemente impulsada pola promulgación da chamada "Lei da Memoria Histórica" (Lei 52/2007) polo Estado español, o que orixinou que, dende a súa publicación, moitas ducias de milleiros de descendentes se mobilizasen na procura da documentación que lles posibilitase acadar a ansiada nacionalidade española.

Os vieiros que utilizan as persoas demandantes de documentación de familiares ou lugares de orixe de antecesores/as son fundamentalmente os que a propia Administración galega pon ao seu dispor a través da Secretaría Xeral da Emigración, directamente ou a través das fontes nas que se gardan os documentos de filiación: os arquivos diocesanos, os rexistros civís ou os propios concellos.

**QUINTO.-** O Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social. Estes fondos documentais son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a demostrar a súa ascendencia galega a moitas persoas descendentes da emigración galega.

Entre os fondos parroquiais atópanse os "libros sacramentais". Estes libros teñen o seu comezo no século XVI e nestes os párrocos anotaban a celebración dos diversos sacramentos administrados nas parroquias como bautismos e matrimonios, así como as defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, o nome e a orixe do pai e da nai; do avó e da avoa; así como o

nome e enderezo do padriño e da madriña . Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise precisa a súa indexación e difusión por internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

**SEXTO.-** Dadas as características das actuacións que se van desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera o Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrència pública, pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das dioceses e subscríbense convenios coas cinco dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da súa ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

### **SEGUNDA.- Persoas beneficiarias**

Serán destinatarias das accións obxecto do convenio as persoas emigrantes galegas e a súa descendencia que precisen certificados de ascendencia por medio da consulta dos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano.

### **TERCEIRA.- Crédito orzamentario**

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de **dous mil cincocentos euros (2.500 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

### **CUARTA.- Compatibilidade**

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este

mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

#### **QUINTA.- Prazos e modos de pagamento**

Tras a sinatura deste convenio efectuarase un pagamento anticipado de **dous mil euros (2.000 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Á vista do establecido no artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser beneficiaria de subvencións nas cales os pagamentos non superan os 18.000 euros, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

O importe restante librarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

#### **SEXTA.- Prazo e forma de xustificación**

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro do 2022.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada e contera a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada por quen represente a entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada por quen represente a entidade, na que se farán constar os obxectivos acadados.
- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no parágrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da xustificación (os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que desempeña cada persoa).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos

ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

- Relación nominativa e numerada das partidas expedidas polo Arquivo Histórico Diocesano en execución deste convenio asinada polo seu director.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

#### **SÉTIMA.- Reintegro**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que haxa que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

#### **OITAVA.- Obrigas das partes**

1.-A **Diocese de Tui-Vigo** comprométese a:

- Emitir certificados de ascendencia ao colectivo de emigrantes galegos e galegas e

a súa descendencia por medio da consulta dos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

- Informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

- Realizar actuacións co fin de facilitar o acceso e difusión deste importante patrimonio documental.

- Facilitar á Secretaría Xeral da Emigración información detallada acerca da súa actividade en relación co obxecto do presente convenio cando esta o requira. Permitirlle o libre acceso aos fondos documentais do arquivo, agás aqueles sobre os que existise algún impedimento de tipo legal.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para cumprir as obrigas previstas no título I da citada lei por parte da Secretaría Xeral da Emigración.

2.- A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionado ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

#### **NOVENA.- Modificación do convenio**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio**

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas representantes da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

#### **DÉCIMO SEGUNDA .- Relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirán instrucións nin ordes ao persoal contratado para executar este convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade, seguimento e colaboración**

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web [www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index](http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index).

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros nos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As persoas asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos que constan no convenio, máis o resto das especificacións contidas nel, poidan ser obxecto da devandita publicidade.

#### **DECIMO CUARTA.- Réxime xurídico**

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederáse á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos, esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas cos xuros a que dean lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación deste convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida, que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración) serán integradas, interpretadas e resoltas de xeito motivado pola Administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións, polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro do 2022, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para cumprir o obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro do 2022.

**DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos. En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O bispo de Tui-Vigo



Luis Quiñeiro Fiuza